

DEBATE DO ESTADO DO MUNICIPIO

23 DE ABRIL DE 2022

INTERVENCIÓN
DE MARTA LOIS

PORTAVOZ MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA





Bo día a todos e todas, membros da Corporación, voceiros e voceira, alcalde e a todas as persoas que nos están a seguir a través do streaming. Quero saudar tamén ás veciñas e veciños que están a protestar na praza do Obradoiro, ao persoal traballador de centros socioculturais e á veciñanza de Meixonfrio,

Hoxe estamos aquí para realizar o debate do Estado do Concello, case un ano e medio despois do anterior debate, de xaneiro de 2021, e daquela comezabamos falando dunha situación de excepcionalidade e sen precedentes, por causa da covid. Hoxe, a crise socioeconómica derivada da pandemia está agravada e multiplicada por esa outra crise, a crise enerxética que xa vén de lonxe, mais que se viu acelerada pola guerra de Ucraia que está supondo a subida exponencial dos prezos dos alimentos, dos combustibles e das materias básicas

Crise, tras crise, que se van superpoñendo e que, novamente, golpean especialmente ás clases populares, a xente máis humilde, as máis expostas e as máis vulnerables. Mais que ninguén se engane, as crises que xa están aquí, ou as que van vir, afectarannos a todas e a todos. A todas e a todos, porque o que está por chegar supón un desafío colectivo, de país e de civilización planetaria.

E fronte a estes importantes retos que teremos que afrontar como sociedade, fronte á crise económica, a crise social e a crise ecolóxica na que xa estamos inmersas... como actuar desde a institución local? Como e que facer desde o Concello, a institución máis próxima as persoas?

Sen dúbida, podemos facer moito, é o noso deber, e para iso estamos aquí, para dar respostas áxiles e efectivas, para o conxunto da cidadanía e para a veciñanza que máis o necesita. Un auténtico Concello de proximidade, debe estar centrado no importante, na xente, por iso, sobre todo debe tamén escoitar e ter en conta a súa opinión, os seus problemas e as súas demandas

E xa ve que comezo falando máis do COMO que do QUE? Máis adiante enumerarei algunhas propostas. Mais quero comezar precisamente polo COMO, por como temos que afrontar todos os retos de futuro, COMO debe ser e que modos e principios deberían guiar ao goberno municipal

E comezo por aquí, porque poderemos valorar mellor ou peor, as poucas propostas políticas orixinais deste goberno, mais do que ninguén dúbida é de que vostedes neste curso político suspenden, claramente, as materias de DIÁLOGO e ESCOITA ACTIVA e obteñen matrícula de honra en SOBERBIA, mesmo con derivas autoritarias, isto último atribuíble ao señor alcalde mais tamén a determinados concelleiros como comprobamos mes tras mes no Pleno.



Fraco favor lle fan ao Concello governos como os de Bugallo, fraco favor lle fan á democracia e aos espazos de liberdade e igualdade que con tanto esforzo temos construído colectivamente nas últimas décadas. Fraco favor porque as súas formas atacan a base do sistema e agudizan a súa deslexitimación. Un sistema que queda debilitado porque quen ten que exercer o liderado non cre na democracia real, ou máis ben redúcea a votar cada catro anos. Argumento que lle temos escoitado ao señor alcalde varias veces neste mandato: a xente xa votou e xa opinou nas eleccións de 2019.

Pois efectivamente, señor alcalde, a xente votou pero a democracia real e de calidade é moito máis que votar cada catro anos. É evidente que a vostede isto sóalle raro, vostede ven doutra época política, vostede fíxose a si mesmo no "ordenado e mando" así funcionou na súa etapa anterior e así quere funcionar agora. Por iso non sorprende o incómodo que está cando dende os primeiros plenos deste mandato veñen os colectivos e asociacións de Compostela a dar a súa opinión, a trasladar queixas sobre a súa mala xestión dos problemas. Por iso non sorprende que vostede estivese máis a gusto cos plenos telemáticos e sen xente na sala... nunca quixo buscar un espazo alternativo a este salón plenario para garantir a presencialidade porque vostede non está cómodo coa práctica da participación democrática.

Vostede continúa co piloto automático no que leva instalado desde os anos 90: gobernar dende a arrogancia e dende o seu pedestal de alcalde. Lamentablemente foi inculcando eses modos e esas formas a parte da súa equipa de goberno.

O certo é que unha vez desmontado e revelado o mito dos bos xestores, unha vez que nin os medios poden tapar os seus excesos autoritarios, enténdese mellor o sentido completo daquela expresión de xúbilo que escribía algún editorialista local con grandes letras para titulares dos grandes momentos: VOLVE BUGALLO

E caramba se volveu Bugallo, pregúntelle á veciñanza que se manifesta hoxe aquí diante do Pazo de Raxoi, pregúntenlles se volveu Bugallo. Volveu, claro que volveu, e volveron as folgas nas concesionarias... a primeira en moito, moito tempo. Volveron os conflitos veciñais, pregúntenlle aos veciños e veciñas das Fontiñas, e sobre todo á máis próxima de onde se vai instalar o IMELGA, que comprobou como o seu "ordenado e mando" significou ceder dun día para outro, de urxencia e en contra da veciñanza a parcela á Xunta.

Pregúntenlle à veciñanza de Brandia á que lle están construíndo unha nave delirante e esperpéntica para instalar unha gasoleira diante das casas, en plena zona residencial e verde.

Pregúntenlle á do Ensanche, sobre todo á de República Arxentina, a quen o alcalde quere impor unha solución arquitectónica para a vella parcela de Peleteiro, pregúntelle que lles pareceu que non quixera asistir a unha convocatoria veciñal co resto dos grupos para escoitar.



Pregúntenlle á xente de Meixonfrío e Mallou sobre como o goberno local non lles explica nin consulta absolutamente nada sobre os seus planos para a futura plataforma loxística. Pregúntenlle á do barrio de San Pedro, aos veciñas e veciños que día a día sofren o despropósito das obras de Concheiros, pregúntelle a veciñanza de Conxo, sobre como de dialogante foi este goberno e como o inefable concelleiro de obras converteu dúas oportunidades en dous problemas, e por certo, o mesmo concelleiro ao que lle convocan a primeira folga dun servizo municipal.

Pregúntenlle tamén ao comité de empresa do servizo municipal de Centros Socioculturais, e repito varias veces o de municipal, porque vostedes como o servizo está concesionado pois adoptan unha actitude como se non fose co goberno local, entón non é de estrañar que a cidadanía se pregunte para que están vostedes aquí? para que gobernan? ou mellor dito, para quen gobernan.

E podemos continuar cos servizos municipais, pregúntenlle ás traballadoras pobres do SAF como de dialogante é o seu goberno e esixente coas mellora das condicións de absoluta precariedade dos seus contratos, pregúntelle ao comité de Urbaser, ou pregunten ao de Tralusa e aos condutores do bus ao aeroporto despedidos por causa da inacción e conivencia do seu goberno coa empresa esa de transportes que todas e todos coñecemos.

Pregúntenlles a todos este colectivos polo talante ou calidade democrática deste goberno. Ou pregúntelle a todas as asociación e colectivos deportivos, culturais e sociais que lles parece non ter cobrado as subvencións. Ou, aínda mellor, pregúntenlles a todos o resto de colectivos que non protestan, porque saben que protestarlle ao alcalde pode ter os seus custos.

E remato xa nesta primeira parte, volvendo lembrar o debate de hai un ano e medio, lembrando o discurso do portavoz do Partido Popular, do outro Sánchez deste Pleno, de Sánchez Brunete, quen non oculta a súa devoción polo outro Sánchez, Sánchez Bugallo. Mais aínda así, hai ano e medio na súa retórica tan dada ás dramatizacións e xogos de palabras preguntábase nun suposto diálogo coa súa compañeira de grupo María Castela en que se diferenciaba a cidade de Martiño Noriega da de Bugallo... En que? ben pois pode preguntarlle a todos os colectivos que mencionei anteriormente, e xa verá como lle darán unha resposta clara de en que se diferencia, pregunte polo talante e polo diálogo, comece preguntando por aí, comece preguntando polo que debe ser a base dunha acción política e pública que ten que render contas e estar ao servizo da xente.

Mais claro, ao Partido Popular o pasado ano o que lle preocupaba non era tanto a deriva autoritaria do alcalde Bugallo, supoñemos que algo máis afectados se sentirían polo feito de que Bugallo non tiña axenda nin políticas públicas propias, é claro, despois de 4 anos na oposición con tanto roce entre o PSOE e o PP, e xa sabemos que o roce fai o cariño, e neste caso entre Bugallo e o PP compostelá era obvio. Por certo, esa predilección e ese cariño tamén o expresa o señor Feijóo por este alcalde. Onte, onte o presidente da Xunta, con motivo do proxecto da ampliación do Hospital Clínico comentou que agardaba estar no futuro na inauguración desa obra e literalmente dixo que: "seguro que Bugallo está aquí para convidarme"... se eu fora Borja Vereá andaría preocupado de ser o candidato ornamental.



En calquera caso, voulle ser sincera, naquel momento, en xaneiro do 2021, cando vostedes levaban gobernando 19 meses, ata pode ser que houberse algunhas coincidencias co PP na diagnose. E penso que así llo transmitimos. Xa daquela lle lembramos os 'milagres de Bugallo' como conseguiu que un intercambiador pasara a ser dun día para o outro unha verdadeira estación intermodal, do viario Clara Campoamor que con só mudar o carril bici de lado xa lle valeu, de como un cuestionable proxecto para EDAR pasou a ser dos máis avanzados e eficientes de Europa, de como o mesmo contrato de comedores pasou de ser un desastre absoluto a ser o mellor posible ou incluso de como os usos da parcela de Peleteiro pasaron de estar feitos ao ditado da SAREB a ser os máis acaídos.

Iso si, moitos destes milagres conseguidos e pagados con diñeiro público continúan ben sexa malgastando en estudos e supostos traballos técnicos, ben sexa engordando as arcas dos altofalantes mediáticos que tantos aloumiños lle dan ata agora. Son os milagres de Bugallo, da multiplicación dos pans e dos peixes... da multiplicación escandalosa do gasto en estudos e contratos menores... porque en 2020 foron 8 millóns de euros, o 33% do importe total dos contratos onde sobresaie por exemplo, o medio millón de euros en menores en Protocolo nun ano de pandemia e sen actos... En 2021 6 millóns de euros, mentres que con CA foron 4 millóns de euros en 2018... e todo o que Bugallo dixo desas cifras está nas hemerotecas e na memoria, en fin.

Como tamén está nas hemerotecas o que dicía Bugallo do período medio de pago a provedores. Neste mandato, están publicados os datos de 31 meses, e cumpriron os prazos en só 6 deles. Só hai unha cidade galega cuns datos tan malos coma Santiago, saben cal é? Ourense. Xa ten vostede, señor Bugallo dúas cousas en común con Jácome: a de ser mal pagador, e a de estar unxido por Feijóo.

E podemos lembrar tamén outra proeza deste Goberno: nunca tantas licitacións quedaron desertas neste Concello. Teremos postos na Alameda nas festas da Ascensión e do Apóstolo, señor Bugallo? O mito dos bos xestores hai tempo que xa caeu polo seu propio peso.

Hai ano e medio xa lles dicíamos que vostedes vivían de rendas, que eran un goberno rentista e que vivían de recoller o sementado no anterior mandato, mais tamén que se lles estaba terminando a inercia, e que nalgún momento terían que dar conta de propostas propias. Hoxe, a pouco máis dun ano de terminar o mandato, isto xa é máis que unha evidencia. O seu mandato está finiquitado, a súa pésima xestión e a falta de ideas fai que Compostela estea varada, sen impulso. E a xente, señor Bugallo, está xa moi cansa das formas do pasado e do tempo perdido.



Nesta segunda parte, tal e como xa comentei anteriormente, e unha vez que xa falei de COMO se debe gobernar, ou máis ben, no seu caso, de COMO non se debería face, gustaríame centrarme no PARA QUE? e sobre todo PARA QUEN? hai que gobernar. Aínda que ambas dimensións, o COMO e o QUE están intimamente ligadas e non se poden separar, a menos que propoña vostede volver a etapas dos réximes totalitarios, xa sabe, aquilo de “todo para o pobo, pero... sen o pobo”.

É algo no que lle vimos insistindo estes tres anos, é algo que xa lle remarcamos no debate de hai ano e medio, o importante non son os millóns, se 100 ou 125 millóns de orzamento, senón para que se vai dedicar, a favor de quen? a que intereses responde e a quen van beneficiar? Temos numerosísimos retos que afrontar nun futuro próximo e por iso as propostas teñen que ser de futuro, por iso cómpre non perder máis tempo, toca mirar ao horizonte e deixar atrás estes 3 anos perdidos que veñen sendo o seu mandato.

Propostas de futuro que aproveiten as oportunidades que temos, propostas innovadoras e que volvan a colocar a Santiago á vangarda do municipalismo e das políticas de proximidade. Que non aconteza como no caso da xestión de residuos, que cando chegaron ao Concello tiñan un prego avanzado para un novo servizo de recollida que apostaba nitidamente pola compostaxe, por cumprir as normativas europeas, por ser punta de lanza e ter un dos servizos máis modernos do Estado. Vostedes perderon 3 anos, turbaron todo o traballo feito e volveron ao de sempre, a continuar a depender dun modelo caduco como o de Sogama, e o que aínda é peor, continuaron tres anos con problemas na recollida e sen contedores novos. Nunca tan sucia estivo a cidade como está agora con vostedes, bo, si, houbo unha vez, nos 14 días de folga que lle fixeron a Bugallo en 2010 polo mesmo pecado da soberbia no que cae agora.

Propostas de futuro que atendan as preocupacións reais da cidadanía, como son as que apostan por unha mobilidade sostible. Novamente vostedes chegaron hai tres anos, encontraron un novo contrato de autobuses preparado, unha novas liñas deseñadas, e que fixeron? pois perder 3 anos, e xa serán máis de tres, e manter os buses vellos e contaminantes. Dedicáronse a criticar a remunicipalización da ORA e da grúa, en vez de aproveitala para potenciar TUSSA como a grande empresa de mobilidade que necesita Santiago. E xa lle fixemos nos últimos Plenos e outros grupos novas propostas para a recuperación da xestión pública e directa dos parkings da Praza de Galiza e da Praza de Vigo.

Nova rede de liñas de autobuses e recuperar os estacionamentos para o público e así conseguir ter ferramentas para dar servizo á veciñanza e ao comercio, ao do Ensanche e ao da zona vella, a ámbitos tan sensibles como o do Mercado de Abastos, onde temos un novo exemplo de como son vostedes capaces de estragar implementando mal as boas ideas como foi a peonalización de Mazarelos.. Porque para vostedes xestionar a mobilidade redúcese a pór multas e a colocar radares.



Propostas de futuro para o emprego e o comercio como a de impulsar o biopolo da Sionlla, no que tardaron medio mandato en ceder unha parcela por certo. Porque hai que apostar pola reindustrialización de Santiago e non fiar todo ao turismo sen control e ao Xacobeo. Sabe por certo que en Santiago a día de hoxe xa hai mais pisos turísticos que pisos para aluguer das familias e da xente que quere vivir na cidade? Sabe por certo canto subiu o prezo do aluguer nos tres últimos anos por mor deste negocio?

É necesario apostar polo comercio de proximidade e non polo aumento das grandes áreas comerciais, e aí vou recoñecerlles unha que debe ser a súa única medida con algo a xeito nestes tres anos: os bonos-corazón. Mais ata cando fan algo ben tivo Compostela Aberta que tirar de vostedes e conseguir que non foran cutres na cantidade, como foi no caso da súa aplicación no barrio de San Pedro.

Apostar polo emprego, mais que este sexa de calidade e con dereitos, comezando polas propias contratas municipais, comezando polo persoal traballador de servizos municipais aos que vostedes non queren escoitar a pesar da súa precarización. Mais velando tamén porque Santiago sexa unha cidade exemplo de boas prácticas no emprego, e nese aspecto temos moito que traballar aínda sobre todo no sector servizos.

Propostas de futuro que aposten pola convivencia e a gobernanza do turismo, por iso é necesaria unha taxa turística que vostedes un día apoian e no seguinte dubidan, levan tres anos perdidos, malgastando milleiros de euros en estudos que se repiten entre eles e que, aínda por riba, despois non aplican os de turismo, por exemplo, andan nos 200.000 Euros. Xa é coñecida na cidade a súa "tarifa plana" de 15 mil máis IVE, que é o que pagan vostedes por calquera estudo, aínda que non a calquera empresa, e iso sí, estudos coma churros sobre case calquera tema.

Cómpre gobernar o turismo e compre pór freo á expansión das vivendas de uso turístico, de nada vale botarse despois as mans á cabeza se non tratamos esta problemática desde a súa raíz. É necesario controlar estes pisos turísticos e as súas prácticas depredadoras e é necesario crear xa unha bolsa de vivenda de alugueiro.

E nestes temas hai que ser contundentes e esixentes co goberno galego e coa Xunta, esa coa que vostede se sente tan cómodo e coa que flúe ese cariño. Mais non se fíe señor alcalde que quen paga a orquestra, escolle a melodía, non vaia ser que o señor Rueda teña outros gustos musicais xa diferentes de Feijóo e a señora Ethel.

Propostas de futuro para continuar a apostar polo equilibrio territorial, o goberno de Compostela Aberta foi o que máis investiu nos barrios e no rural, en obras que se facían seguindo as demandas da cidadanía, obras que pedía a xente dos barrios e do noso rural, obras para a nosa xente, por iso a sinalética das obras, que moito lles debía molestar, puña aquilo de 'Compostela afáise a ti' porque as obras e a cidade ían afacéndose á xente e non ao revés. E fronte a este modelo, que temos? un goberno máis preocupado nas obras para os turistas que para xente de aquí, e aínda por riba cunha execución desastrosa que provoca desfeitas como a de Concheiros ou Conxo.



Necesitamos propostas de futuro que aposten polas políticas sociais e polo feminismo mais ala do 8-M e o 25-N, como foron as do mandato pasado, co maior aumento do orzamento municipal e do investimento social por habitante en moitísimos anos, por iso impulsamos a renda de garantía básica, por iso proxectamos un centro para as persoas sen fogar, por iso deseñamos unha renda infantil universal e un Observatorio Municipal de Igualdade de xénero que vostedes non queren aplicar nin actualizar respectivamente. Das políticas sociais innovadoras e avanzadas que situaban a autonomía das persoas e a súa dignidade no centro, pasamos aos vellos modelos da beneficencia.

Queremos propostas de futuro tamén para o mundo cultural e do deporte, eses que vostedes están a tentar afogar, sen pagar as axudas económicas, ou demorándoas ata o insufrible. Vostedes nin pagan ás asociacións, nin ás empresas culturais, nin aos clubs deportivos,... nin polo que se ve a ninguén... provocando o afogamento dun tecido fundamental e que lle dá vida á nosa cidade, que promove os seus latexos.

Podería continuar así, aínda con moitos máis exemplos, mais quero rematar cunha proposta de futuro que penso resume bastante ben o que vostedes significan, talvez o alcalde como máximo responsable, mais o resto do seu grupo como cómplices necesarios e polo tanto sospeitosos habituais. Estou a falar dese control público da auga que o PSOE de Santiago, ao contrario doutros PSOEs -non sabemos cantos pode haber- se nega a facer.

Unha proposta de futuro a través dunha empresa municipal que controle o servizo de abastecemento e saneamento, que termine coa vergoña actual que xa prolonga por máis de 50 anos, unha empresa que vaia licitando obra por obra para que sexan as pemes de aquí as que executen esa obra hidráulica, unha empresa que reverta o beneficio en favor do ben común e do conxunto da cidadanía, unha empresa que permita planificar a longo prazo, levar a auga e o saneamento a todo o rural, que permita renovar as redes obsoletas na trama urbana. Unha empresa como as que existen noutras cidades gobernadas polo seu partido, que vostede xa coñece, como a da Coruña, como a de Valladolid, como a que queren facer aquí no noso veciño e ben querido Concello de Ames.

E fronte a esta proposta de futuro cal e a súa? novamente perder tres anos, non querer estudar cal é o mellor modelo de xestión, e habería que preguntarse porque non o queren nin estudar, talvez porque o seu obxectivo final, e para iso está vostede de volta, entre outras cousas, para que novamente a auga quede en mans dunha multinacional por outros 50 anos, e que eses 400 millóns de euros que xa ten anunciado tamén queden nas mans desta multinacional en vez de seren repartidos entre as pemes locais.

Compostela Aberta fai propostas de futuro, estas e outras moitas. O que temos claro é que non podemos perder máis tempo, que os retos que temos por diante son moi esixentes e non valen as receitas do pasado que vostedes representan.

Toca mirar para o futuro.